



Resolución do 5 de decembro de 2022, da comisión que deberá cualificar o proceso de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo no Igape (xefe/a da Unidade de Proxectos Estratéxicos), convocado por Resolución do 8 de xullo de 2022, publicada no Diario Oficial de Galicia número 154 do venres, 12 de agosto de 2022.

Na sesión que tivo lugar o día 2 de decembro de 2022, a comisión nomeada pola Resolución de 2 de setembro de 2022 pola que se nomea a Comisión de Selección que deberá cualificar o proceso para a cobertura dun posto de persoal directivo (xefe/a da Unidade de Proxectos Estratéxicos), publicada no DOG núm. 174 do martes, 13 de setembro de 2022, de conformidade co disposto no punto 8 das bases,

ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a lista coas puntuacións definitivas da 1ª fase do procedemento selectivo, que figura no ANEXO da presente Resolución, e facela pública no taboleiro de anuncios do Igape e na súa páxina web (en <https://www.igape.gal/gl/mais-igape/transparencia-e-goberno-aberto>).

Segundo.- Que superou a primeira fase do procedemento selectivo a aspirante que figura no ANEXO da presente Resolución.

Terceiro.- Convocar á aspirante que superou a 1ª fase do procedemento selectivo, o día 14 de decembro 2022 ás 9:30 horas na sala C25, 1º andar, do edificio do Igape en Santiago de Compostela (complexo administrativo da Xunta de Galicia, San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña) para a realización da 2ª fase do procedemento selectivo, consistente nunha entrevista persoal para a defensa do plan de actuación da Unidade de Proxectos Estratéxicos. A convocatoria farase pública no taboleiro de anuncios do Igape e na súa páxina web (en <https://www.igape.gal/gl/mais-igape/transparencia-e-goberno-aberto>).

A aspirante deberá presentarse á proba provista de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade. Deberá presentar nun tempo máximo de 20 minutos o seu plan, e responder todas aquelas preguntas e cuestións que permitan valorar a idoneidade da proposta, sen que o tempo de resposta compute para os efectos da duración prevista neste punto (punto 8 das bases).

Cuarto.- Contra esta resolución poderase formular un recurso de alzada ante o Director Xeral do Igape no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación na páxina web do Igape, de conformidade co establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2022

O presidente da Comisión

Norberto Penedo Rey





ANEXO

Puntuación Definitiva da 1ª Fase

DENOMINACIÓN DO POSTO: xefe/a da Unidade de Proxectos Estratéxicos

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: *Diario Oficial de Galicia* número 154 do venres,
12 de agosto de 2022

DATA DO LISTADO: 5 de decembro de 2022

APELIDOS, NOME	NIF	PUNTOS
BARROS SÁNCHEZ, NATALIA	32800036N	1.1. TOTAL MÉRITOS: 62,82 puntos
		1.1.1. Formación: 4,67 puntos
		1.1.2. Experiencia: 58,15 puntos
		1.2. Plan de actuación: 17,50 puntos
		TOTAL 1ª FASE: 80,32 puntos

